

CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCEDIMENTO DE ADQUISICIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP) EN SEGUNDAS OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS NO CONCELLO DA CORUÑA (EXP. C2004/010:44)

ANTECEDENTES

1. Esta xefatura territorial ditou en data 10 de maio de 2022 a Resolución de inicio do procedemento de adquisición de vivenda protexida de promoción pública en segundas e posteriores transmisións do expediente C2004/010, conta 44, situada no Concello da Coruña, na rúa Ribeira Sacra, 17-1º D
2. Nesta Resolución concedeuse un prazo ás persoas interesadas en manifestar o seu interese na adquisición da vivenda citada de quince días hábiles dende a data de publicación na páxina web do IGVS. A data de publicación foi o 10 de maio de 2022, polo tanto o prazo remataba o 1 de xullo de 2022.
3. Con data 6 de xullo de 2022 foi ditada a Resolución pola que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos ao procedemento para a adquisición da dita vivenda de promoción pública (VPP).
4. Constátase que existe un erro no RESOLVO da dita resolución no que atinxe ás persoas incluídas no dito procedemento, xa que na relación de admitidos no se inclúe a Natalia Caropi Corral que, segundo consta no expediente, manifestou o seu interese mediante a solicitude de data 20 de maio de 2022, entrada 29295/RX1336230. Esta persoa reúne os requisitos para a súa selección.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O procedemento de selección de adquirentes de vivendas protexidas de promoción pública en segundas e posteriores transmisións regúlase no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia
2. A disposición transitoria terceira apartado b) e no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas establece que *"as administracións públicas poderán rectificar, en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos"*.





Tendo en conta o anterior, PROPOÑO:

1º Rectificar o erro detectado na resolución do 6 de xullo de 2022 pola que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos ao procedemento de adquisición de vivendas de promoción pública (VPP) en segundas posteriores transmisións no concello da Coruña e engadir á relación de admitidos a seguinte solicitude:

Número	Credencial	Nome do titular
5	97235	NATALIA CAROPI CORRAL

2º Declarar vixente o resto do contido da devandita resolución asinada o 6 de xullo de 2022.

3º Ordenar a publicación desta resolución na páxina web do IGVS

A Coruña, na data da sinatura electrónica
A xefa da Área Provincial do IGVS na Coruña
PS (Resolución da xefa territorial da CMATV do 3.6.2022)
O xefe do Servizo Técnico da Área Provincial do IGVS na Coruña
José Manuel Valeriano Rosales Escuredo

Conforme coa anterior proposta este centro directivo resolve a súa aprobación nos seus propios termos.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente, Infraestruturas e Vivenda no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administración Públicas.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
A xefa territorial da Coruña
PA (Resolución CMATV do 26.7.2022)
A xefa do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental
Belén Quinteiro Seoane

